

INTEGRANTES DO GRUPO:

ACTIVIDADE 3

Toca agora apreciar as características das exposicións con forma narrativa, especialmente as audiovisuais, para ter claro como realizar despois a nosa. A partir do vídeo *Expedición de Lewis e Clark* visto (está parcialmente transcrito no Anexo I do caderno de traballo), extraemos algúns trazos:

Que idea fundamental pretende comunicar sobre a expedición?

Con que **intención** (informar, deleitar, explicar, convencer...)?

Crede que consegue transmitir ben esa mensaxe? Por que?

Ao ser un vídeo divulgativo, que **tipo de léxico** -vocabulario- se emprega (preciso/impreciso, pobre/variado, común/técnico...)? É preciso procurar palabras no dicionario para entendela ben todo?

Que **registro lingüístico** (do formal ao coloquial) apreciades? Mantense ese rexistro nas expresións que pretenden captar a atención?

Hai **referencias ao receptor**? Como aparece este tratado?

Como se poden organizar de xeito esquemático as ideas principais, subliñadas polas imaxes? Escollede unha opción:

- a) OBXECTIVO DA EXPLORACIÓN + PERCURSO (TERRITORIO 1, 2, 3) + BALANCE E LOGROS
- b) INICIO DA EXPLORACIÓN + PROBLEMAS (1, 2, 3, 4) + SOLUCIÓN
- c) ESTADOS ANTES DA EXPLORACIÓN + NEGOCIACIÓN COS INDIOS + ESTADOS AO REMATE DA EXPLORACIÓN

Cantas **partes** fundamentais se advirten, entón, no guión? Como se relacionan entre elas?

E, segundo o corpo da expedición, que orde ou **esquema expositivo** dos vistos se segue? Percíbese claramente ou custa?

Cales destes tipos de **imaxes** identificades: mapas, figuras, metáforas visuais, cifras/palabras recortadas ou debuxadas? (Subliñade os tipos atopados)

Axudan as imaxes a seguir e entender o discurso ou distraen? Como (axudan/non axudan)?

Recollede algunha **enumeración** e algún **recurso explicativo** verbal dos vistos. Fixádevos na súa relevancia.

Enumeración:

Recurso explicativo (como se denomina e onde está):

Localizade varios **marcadores ou conectores textuais** no texto do vídeo (consultade a listaxe do caderno de traballo). Son de orde, explicativos ou doutro tipo? Poderían engadirse outros para deixar máis claras as relacións entre as ideas?

1. _____ 2. _____ 3. _____

O tipo predominante é _____

Engadiríamos o marcador _____ en _____

